



MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE MONDOÑEDO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS MELLORA DO ACCESO AO CENTRO RESIDENCIAL E CENTRO DE DÍA SAN RAFAEL DO CONCELLO DE MONDOÑEDO

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

DECLARA:

Que este Consorcio ten previsto formalizar co Concello de Mondoñedo o instrumento fundacional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Mondoñedo para o financiamento de obras de mellora do acceso ao Centro Residencial e Centro de Día do Concello de Mondoñedo, co fin de posibilitar unha mellor atención ás persoas maiores que precisan deste servizo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.





O Concello de Mondoñedo adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio do convenio asinado o 10.10.2007, e co fin de contribuír ao mantemento e mellora dos accesos ao Centro de Día e Centro Residencial do Concello de Mondoñedo, consistentes no mantemento e mellora da rampla e da zona de estacionamento do devandito centro, e facilitar así un mellor acceso a este centro das persoas usuarias e dos visitantes, solicitou a colaboración do Consorcio para o financiamento das obras para a mellora da accesibilidade ao Centro de Día.

Co fin de mellorar a accesibilidade ás anteditas instalacións, resulta necesario levar a cabo as obras necesarias para o mantemento e mellora da rampla e da zona de estacionamento do antedito Centro de Día e Centro Residencial, mellorando así as condicións de acceso á devandita edificación. Todo isto, co fin posibilitar unha adecuada atención ás persoas son usuarias do referido centro, mellorando unhas instalacións nas que se ofrece unha alternativa de convivencia que mantén ás persoas maiores dentro do seu propio entorno, proporcionándolles unha atención integral adecuada ás súas necesidades.

Tendo en conta que o concello non dispón dos medios económicos necesarios para a realización das obras de mellora da accesibilidade que se precisan no antedito inmovible, cómpre desenvolver a colaboración interadministrativa necesaria para o financiamento destas actuacións, posibilitando así unha mellor calidade na atención que se presta no devandito centro.

Considéranse polo tanto idóneo o financiamento desta actuación necesaria para a mellora do centro municipal nos termos expostos, co fin de acadar unha mellor atención ás persoas maiores do Concello, ao mellorar a súa accesibilidade ao centro, para o cal é necesario unir e coordinar os esforzos e recursos de ambas as dúas administracións.





Por todo o exposto, existe un evidente interese público de colaborar no desenvolvemento da actuación descrita, considerando o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que a necesidade desta actuación e o interese común de posibilitar a realización de obras de mellora da accesibilidade no Centro de Día e Centro Residencial do Concello de Mondoñedo, xustifica a utilización do instrumento convencional para o financiamento das actuacións descritas, baseándose no disposto nos artigos 19.4 e 26º.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O convenio de colaboración terá data de vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que as actuacións obxecto de financiamento do convenio sexan as executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024. Neste sentido, a extensión da posibilidade de financiamento ao abeiro do convenio das actuacións executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024 considérase axeitada e fundamentada legalmente, segundo o disposto no artigo 39 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece *"excepcionalmente poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados, así com cando produzan efectos favorables para o interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran na data á que se retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas"*.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar achegará ao Concello de Mondoñedo para a realización das actuacións descritas un importe máximo de 48.350,40 euros, con cargo á partida 11.90.311A.7600 dos orzamentos do Consorcio para o ano 2024.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento





Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños

